

Servizo de  
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA  
DE  
CONTRATACIÓN

CONCELLO  
DE VIGO



**A Mesa de Contratación do Concello de Vigo, na súa sesión de data 20 de xaneiro de 2023, realizou entre outras, as seguintes actuacións:**

## **2.- Cualificación da documentación acreditativa do cumprimento dos requisitos previos**

### **a) Procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto "Vigo Vertical de implantación de medios mecánicos de transporte peonil, para a conexión da rúa Ramón Nieto co contorno do Centro de Saúde e CEIP Fonte Escura" (1373-441)**

A secretaria le o listado de licitadores presentados a este procedemento segundo consta na Plataforma de Contratos do Sector Público e no certificado expedido polo Rexistro Xeral e pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses con algún dos licitadores. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con eles.

A continuación procédese á cualificación dos documentos que compoñen o sobre A "Documentación persoal", tras a súa desencriptación pola Secretaría e a Presidencia, e acórdase, por unanimidade:

- a) Admitir neste procedemento aos licitadores que deseguido se relacionan, por ter presentado correctamente a documentación esixida no prego de cláusulas administrativas para declarar o cumprimento dos requisitos previos:
  1. CIVIS GLOBAL, S.L.U.
  2. ORECO BALGON, S.A.
- b) Outorgar un prazo de tres días aos seguintes licitadores para que poidan emendar a documentación presentada segundo o esixido no prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP) que rexe esta contratación:
  1. PRACE, SERVICIOS Y OBRAS, S.A.: en concreto deberá achegar un novo Anexo III firmado dixitalmente polo representante de TK ELEVADORES, S.L.U., que concorre como terceiro aportando a súa solvencia, xa que o Anexo III achegado está firmado dixitalmente polo representante de PRACE, SERVICIOS Y OBRAS, S.A. e de xeito manuscrito polo representante de TK ELEVADORES, S.L.U.
  2. XESTIÓN AMBIENTAL DE CONTRATAS, S.L.: en concreto deberá achegar un novo Anexo II no que figure o compromiso de cumprir o plan antifraude do Concello de Vigo, tal e como figura no modelo incluído no PCAP do presente procedemento.

## **4.- Apertura da documentación técnica**



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 23/01/2023 12:57	Páxina 1 de 2
1373-441	CSV: A2A8BF-8FBF8B-8FD6B3-K9WL29-ZTUYPJ-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

**a) Procedemento aberto para a contratación do proxecto "Vigo Vertical de implantación de medios mecánicos de transporte peonil, para a conexión da rúa Ramón Nieto co contorno do Centro de Saúde e CEIP Fonte Escura" (1373-441)**

Retírase da orde do día por requirimento de emenda da documentación do sobre A a dous dos licitadores presentados

Se publica anuncio no Perfil de Contratante do concello de Vigo para os efectos sinalados na cláusula 9 do prego de cláusulas administrativas particulares ("As notificacións practícaranse por medios electrónicos o mesmo día da publicación do seu contido no perfil de contratante. Cando nelas se sinala algún prazo para a práctica dalgunha actuación polo destinatario, este computarase desde a data de publicación no perfil de contratante"), ao abeiro do previsto na disposición adicional 15ª da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público.

O prazo para presentar a devandita documentación remata o día **26 de xaneiro de 2023**.

O enderezo web do Rexistro da sede electrónica do concello de Vigo onde poderán presentar a documentación solicitada é:

versión galego:

<https://sede.vigo.org/expedientes/usuarios/login.jsp?lang=ga>

versión castellano:

<https://sede.vigo.org/expedientes/usuarios/login.jsp?lang=cas>

Na documentación presentada a través do rexistro electrónico, os documentos que a acompañen terán que ser asinados mediante sinatura dixital.

O que comunicamos para coñecemento xeral e demais efectos.

O contido integro da acta da sesión da Mesa de Contratación da que se publica este extracto pode consulta-lo no seguinte enderezo WEB:

<https://sede.vigo.org/expedientes/perfilcontratante/actasmesacontratacion.jsp?lang=gal>

A secretaria da Mesa de Contratación  
(sinatura dixital)



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 23/01/2023 12:57	Páxina 2 de 2
1373-441	CSV: A2A8BF-8FBF8B-8FD6B3-K9WL29-ZTUYPJ-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		